

METODOLOXÍA PARA A

**APROXIMACIÓN AO
CÁLCULO DO GASTO PÚBLICO
EN UNIVERSIDADES NA
COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA**

CONTEXTO

»» O obxectivo de acadar o **1% do PIB** en educación universitaria pública parte de dúas **normas estatais**:



LOSU

LEI ORGÁNICA
2/2023 DO SISTEMA
UNIVERSITARIO

ART. 55.2

**DISPOSICIÓN
ADICIONAL
DÉCIMO CUARTA**

LOE

LEI ORGÁNICA
2/2006 DE
EDUCACIÓN

ART. 155

CONTEXTO

LOSU. ART. 55.2. SUFICIENCIA FINANCIERA

- »» *No marco do plan de incremento do gasto público para 2030 previsto no artigo 155.2 da Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, **o Estado, as Comunidades Autónomas e as universidades comparten o obxectivo de destinar como mínimo o 1 por cento o Produto Interior Bruto ao gasto público en educación universitaria pública no conxunto do Estado**, permitindo así a equiparación progresiva á inversión media dos Estados membros da Unión Europea e o cumprimento dos obxectivos establecidos na presente lei orgánica. Para acadar ese **obxectivo de carácter plurianual**, estableceranse nos Orzamentos das Comunidades Autónomas, nos do conxunto de universidades e nos Presupostos Xerais do Estado, as correspondentes achegas, **de acordo coas dispoñibilidades orzamentarias de cada exercicio**.*

CONTEXTO

LOSU. DISPOSICIÓN ADICIONAL DÉCIMO CUARTA. PLAN DE INCREMENTO DEL GASTO PÚBLICO

»» *A **comisión** que establecerá o plan de incremento de gasto público ao que se refire o artigo 55.2, crearase no prazo máximo dun ano a partir da entrada en vigor desta lei orgánica.*



Nota: a LOSU entrou en vigor o 12 de marzo de 2023.

CONTEXTO

LOE. ARTÍCULO 155.2. RECURSOS PARA DAR CUMPLIMIENTO A LO ESTABLECIDO EN LA PRESENTE LEY

»» *O Estado e as Comunidades Autónomas **acordarán un plan de incremento do gasto público en educación para os próximos dez anos**, que permita o cumprimento dos obxectivos establecidos na presente Lei e a equiparación progresiva á media dos países da Unión Europea.*



Nota: o marco temporal previsto é o ano 2030.

CONSIDERACIÓNS

- »» A LOSU fala de **obxectivo compartido** entre administracións públicas e universidades públicas. Non hai obriga legal ningunha.
- »» Insírese nun plan de aumento de gasto público en educación previsto na Lei Orgánica de Educación. Polo tanto, **deriva dun plan do Ministerio de Educación**, no cal non se falaba nin se pensaba na universidade. A día de hoxe, non existe o dito plan.
- »» Fálase dun esforzo no conxunto do Estado **sen establecer como se artellará**.
- »» **Non establece métodos de cálculo**. Que se inclúe e que non?
- »» Fálase de **gasto público**, non de transferencias ás universidades do Estado ou das CCAA.
- »» O Ministerio de Universidades creou un **"grupo de traballo"**, que non comisión, no que se incorporaron representantes do estudantado e, logo dunha reunión, non volveu a convocarse desde finais de 2024.

CONSIDERACIÓNS

»» Malia o anterior, a Xunta de Galicia considera importante coñecer cal é o importe dos recursos públicos que reciben e obteñen as universidades públicas de Galicia:

- Para ver o **esforzo** que realizan as **outras administracións** en apoio e colaboración co Sistema Universitario de Galicia.
- Para ver a **capacidade de captación de recursos públicos** adicionais por parte das propias universidades.
- Para facer unha **comparación** do **esforzo relativo** realizado pola nos comunidade autónoma coas súas universidades.

CRITERIOS DE CÁLCULO



Téntase computar a porcentaxe de **fondos públicos** destinados ás universidades públicas galegas (Santiago de Compostela, Vigo e A Coruña) **respecto do PIB da Comunidade Autónoma de Galicia** para o 2023 (último con datos das contas liquidadas e auditadas).



CRITERIOS DE CÁLCULO

» Úsase como metodoloxía de cálculo os **indicadores do Ministerio de Educación**


Para a presente aproximación partimos da “**Metodología de la Estadística del Gasto Público en Educación**”, elaborada pola Subdirección General de Estadística y Estudios do Ministerio de Educación, Formación Profesional y Deportes, datada en marzo de 2025.

Así mesmo, téñense en conta os criterios e análise recollidos na Monografía da CRUE “**Financiación Pública en la Ley Orgánica del Sistema Universitario: Objetivos de financiación pública e instrumentos. Gasto inducido**”

CRITERIOS DE CÁLCULO

FÓRMULA

$$\frac{\text{GASTO PÚBLICO TOTAL}}{\text{PIB GALICIA ANO N}} \times 100$$



CRITERIOS DE CÁLCULO

DENOMINADOR

»» Datos PIB de Galicia:

EVOLUCIÓN: PIB ANUAL GALICIA		
DATA	PIB ANUAL	VARIACIÓN PIB (%)
2023	77.356 M€	2,30%



Tómase como valor do **denominador** de cada un dos anos contemplados o PIB anual publicado

CRITERIOS DE CÁLCULO

NUMERADOR

»» Gasto público en educación universitaria: concepto (metodoloxía Ministerio Educación)

ADMINISTRACIÓNS

Financiamento procedente das administracións públicas en calquera dos seus niveis:

- › Europeo
- › Estatal
- › Autonómico
- › Local (concello e deputacións)

ÁMBITO FUNCIONAL

Financiamento para calquera ámbito funcional das universidades:

- › Docencia
- › Investigación
- › Transferencia de coñecemento

BOLSAS E AXUDAS

Financiamento de bolsas e axudas ao estudo:

- › Procedentes de administracións públicas e cuxos destinatarios son o estudiantado universitario



A natureza do financiador determina o carácter público do gasto

CRITERIOS DE CÁLCULO

NUMERADOR

»» Gastos das universidades (metodoloxía do Ministerio)

FONTE

Estados de gastos das contas liquidadas e auditadas para cada ano de cada universidade.

FASE ORZAMENTARIA

Obrigas recoñecidas netas, criterio que impide a existencia de duplicidades entre as cifras de gasto de anos consecutivos, xa que os remanentes figurarán no ano en que se contabilizan as obrigas recoñecidas a que deron lugar.

MONTANTE

A totalidade da liquidación do orzamento de gastos. Dada a imposibilidade de distinguir na estrutura orzamentaria de gastos os financiados con recursos de orixe privado, considérase a totalidade do montante das liquidacións.

(Non se inclúen gastos destinados ás entidades dependentes de cada universidade –fundacións, sociedades...- que non consolidan nas súas contas xerais)

CRITERIOS DE CÁLCULO

NUMERADOR

»» Bolsas

- » As contías das **bolsas, axudas e premios** destinadas ao estudiantado universitario considéranse para o cálculo dado que é un gasto que as administracións realizan **para financiar ás persoas que cursan ensinanzas universitarias e que teñen como destinatarios ás persoas físicas beneficiarias**, polo que non figuran nas contas internas das universidades, pero si nas administracións financiadoras.
- » Impútanse as contías ao último ano do curso académico (*ex: curso 2022-2023, considéranse as contías no ano 2023 que é cando ten lugar o pagamento*).

» Neste concepto **diferéncianse**:

BOLSAS ADMINISTRACIÓN XERAL DO ESTADO

segundo os datos do Sistema Integrado de Información Universitaria, que inclúen as contías totais destinadas ao estudiantado de cada unha das universidades. Trátase das bolsas xerais do MEC e as mobilidades Erasmus.

BOLSAS XUNTA DE GALICIA

compútanse as contías executadas do orzamento destinado a bolsas e axudas na Secretaría Xeral de Universidades nas distintas convocatorias e as bolsas BEME da Secretaría Xeral de Emigración

CRITERIOS DE CÁLCULO

NUMERADOR

»» Fundacións públicas autonómicas:

- » Considéranse os orzamentos das **fundacións e consorcios públicos autonómicos** cuxa actividade está ligada directamente ás funcións propias das universidades (CESGA, CETMAR, Rof Codina e ACSUG).
- » No caso do CESGA, compútase unicamente a parte proporcional do **orzamento correspondente ás horas de uso de supercomputación** por parte das universidades do xeito que segue:

ANO	ORZAMENTO TOTAL CESGA	% USO CPU UNIVERSIDADES	GASTO UNIVERSIDADES
2023	35.0445.000 €	57,6	20.185.920 €

CRITERIOS DE CÁLCULO

NUMERADOR

» UNED (centros asociados)

- › Compútase neste concepto a contía destinada aos centros asociados da UNED en Galicia, para os cales o **Plan Galego de Financiamento Universitario** inclúe unha partida orzamentaria específica que se transfire a cada un deles anualmente.



RESULTADO DO CÁLCULO

Gasto público nas universidades públicas galegas segundo os criterios do Ministerio

ANO 2023		
GASTOS UNIVERSIDADES (obligas recoñecidas netas-contas liquidadas 2023)		666.690.588,19
	UDC	168.324.934,58
	USC	302.248.618,61
	UVIGO	197.117.035,00
BOLSAS		77.599.492,89
	AGE	72.644.400,00
	XUNTA (SXU + BEME)	4.955.092,89
FUNDACIÓNS PÚBLICAS AUTONÓMICAS (balance activo-orzamentos CA Galicia 2025)		26.297.920,00
	CESGA	20.185.920,00
	CETMAR	4,800.000,00
	ACSUG	1.312.000,00
UNED Centros asociados (PGFU)		360.382,00

TOTAL 2023: 771.948.383,08

RESULTADO DO CÁLCULO

» Gasto público nas universidades públicas galegas segundo os criterios do Ministerio

GASTO PÚBLICO EN UNIVERSIDADES EN GALICIA AÑO 2023

$$\frac{\text{GASTO PÚBLICO TOTAL}}{\text{PIB AÑO 2023}} \times 100 = \frac{771.948.383,08}{77.356.000.000} \times 100 = \mathbf{1,00}$$

RESULTADO DO CÁLCULO

PROBLEMAS DOS CRITERIOS DO MINISTERIO

»» **Por que se teñen en conta os gastos das universidades?
Non sería mellor ter en conta os ingresos?**

Para este cálculo seguimos a metodoloxía do Ministerio, que ten en conta a totalidade de gastos das universidades. Pensamos que é unha **metodoloxía cuestionable** porque non se pode diferenciar a orixe dos fondos.

Así, o Ministerio computa como gasto público todo, aínda que sexan fondos que recibiron previamente das familias ou do sector privado.

RESULTADO DO CÁLCULO

PROBLEMAS DOS CRITERIOS DO MINISTERIO

»» Os gastos das familias, fundamentalmente as matrículas en titulacións oficiais, como se contemplan?


Para coñecer os gastos das familias en matrículas hai que ir ao estado de ingresos das universidades.

Neste concepto rexístrase o montante procedente do estudantado que non ten dereito a bolsas de estudo.

Os datos para o ano 2023 son os seguintes, segundo as contas liquidadas das universidades:

CONTAS ANUAIS 2023 INGRESOS–DEREITOS RECOÑECIDOS NETOS			
	PARTIDA ORZAMENTARIA	CONCEPTO	CONTÍA
UDC	310.00	Dereitos de matrícula	11.891.915,65
USC	310.01	Prezos públicos estudos oficiais	16.818.530,21
UVIGO	313	Dereitos de matrícula e servizos académicos	12.502.733,85

TOTAL 2023: 41.213.179,71



RESULTADO DO CÁLCULO

PROBLEMAS DOS CRITERIOS DO MINISTERIO

»» Cómputo dos gastos das universidades, que non se inclúe?

As entidades dependentes das universidades non consolidan as súas contas nas contas xerais da universidade.

Estes gastos, polo tanto, non están incluídos neste cálculo.

Estamos a falar, entre outras, das seguintes:

TOTAL BALANCE DE SITUACIÓN-ACTIVO	2023
FUAC	
FUNDACIÓN CITIC GALICIA	
FUNDACIÓN USC	2.251.797,99
UNIXEST	
CITMAGA	1.315.445,18
DIETA ATLÁNTICA	
CURSOS INTERNACIONAIS	474.501,47
ROF CODINA	4.640.776,89
CUSA	7.916.222,67
CITEXVI	9.784.999,26
UNIRISCO	3.531.929,00
FUVI	477.795,45

TOTAIS: 30.393.467,91



Polo tanto, no cálculo non están contemplados, polo menos, **30,3M € no ano 2023**

RESULTADO DO CÁLCULO

UNHA METODOLOXÍA MÁIS AXUSTADA

» Visto o anterior, cal sería a metodoloxía máis axustada para coñecer o gasto público en universidades?

DATO DO NUMERADOR

segundo a metodoloxía do Ministerio

—

INGRESOS

das familias (matrículas)

+

GASTOS

de entidades públicas

=

NOVO NUMERADOR

Metodoloxía Xunta

ANO 2023	
METODOLOXÍA MEC	771.948.383,08
INGRESOS DAS FAMILIAS (MATRÍCULAS)	41.213.179,71
GASTOS EN ENTIDADES PÚBLICAS	30.393.467,91
GASTO PÚBLICO TOTAL	761.128.671,28

CONCLUSIÓN

» Cal sería o resultado tendo en conta os ingresos, é dicir, diferenciando a orixe dos fondos e minorando os que non son de orixe pública?

COA METODOLOXÍA DO MINISTERIO DE EDUCACIÓN ANO 2023

$$\frac{\text{GASTO PÚBLICO TOTAL}}{\text{PIB ANO 2023}} \times 100 = \frac{771.948.383,08}{77.356.000.000} \times 100 = \mathbf{1,00}$$

METODOLOXÍA AXUSTADA A ORIXE DOS FONDOS 2023

$$\frac{\text{GASTO PÚBLICO TOTAL}}{\text{PIB ANO 2023}} \times 100 = \frac{761.128.671,28}{77.356.000.000} \times 100 = \mathbf{0,98}$$

CONCLUSIÓN

- » En Galicia o financiamento público das universidades seguindo a metodoloxía de cálculo do Ministerio de Educación xa está no 1% do PIB autonómico para o ano 2023.
- » Na nosa comunidade autónoma as universidades públicas gozan dunha estabilidade financeira inédita en practicamente a totalidade do Estado, debido á existencia de **plans de financiamento plurianuais**, que blindan os fondos autonómicos destinados a estas institucións
- » Nótase tamén o pulo da I+D+i con iniciativas como a **Rede CIGUS** que propicia unha maior capacidade de captación de investigación públicos por parte das universidades
- » O **esfuerzo orzamentario e a aposta da Xunta de Galicia** a prol das universidades de Santiago de Compostela, Vigo e A Coruña queda patente nestes resultados.

